Para determinar a especial sensibilidade deberán concorrer as circunstancias indicadas no anexo II e proceder tendo en consideración que **a situación de partida é a de nivel de risco NR1.**

Cando un/unha traballador/a se atope dentro dun grupo vulnerable dos sinalados anteriormente, deberanse seguir os seguintes pasos:

- **A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, deberá dirixir a súa SOLICITUDE á dirección do centro educativo**





**onde presta os seus servizos, na que exprese que concorren as causas para considerar o/a traballador/a como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible (anexo III deste protocolo).**

- **Mentres se tramita o informe da Inspección Educativa Médica, o/a traballador/a terá a OBRIGA de acudir presencialmente ao centro.**



### 3.2.3 PROCEDEMENTOS DA DIRECCIÓN DO CENTRO NA XESTIÓN DAS CONDICIÓNS LABORAIS

**A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un INFORME no que se indiquen:**

- **As tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo.**
- **A determinación das medidas de protección existentes.**
- **Porase a disposición das direccións un modelo de informe simplificado no Portal da dirección (anexo IV) (PENDENTE).**

**A dirección do centro educativo remitirá cada día en que existan solicitudes unha relación das peticións de valoración da sensibilidade do/a traballador/a e do posto, xunto cos informes emitidos, á INSPECCIÓN MÉDICA EDUCATIVA da Xefatura Territorial da Consellería de Educación de A Coruña.**

Levarase a cabo un **registro destas solicitudes** co obxecto de facilitar a organización do traballo.

**Se hai algunha circunstancia no posto de traballo que poida elevar o risco na saúde, as autoridade sanitarias realizarán un INFORME de adaptación de posto no que se lle indiquen ao RESPONSABLE DA DIRECCIÓN do centro as medidas de prevención, adaptación e protección que se deban adoptar.** Estas medidas poderán consistir:

- A adaptación do posto de traballo.
- A dotación dunha protección adecuada que evite o contacto.
- A recolocación a outras funcións exentas de risco.
- E ter en conta as pautas incluídas no anexo II.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE SANIDADE



**ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE PARA A DETERMINACIÓN DE  
PERSOAL ESPECIALMENTE SENSIBLE**

| <b>SOLICITANTE</b>                    |             |
|---------------------------------------|-------------|
| Nome e apelidos:                      |             |
| DNI:                                  | Teléfono:   |
| Correo electrónico (obrigatorio):     |             |
| Enderezo a efectos de notificacións : |             |
| Código Postal:                        | Localidade: |

| <b>DATOS DO CENTRO DE TRABAJO</b> |             |
|-----------------------------------|-------------|
| Nome do Centro:                   |             |
| Enderezo:                         |             |
| Código Postal:                    | Localidade: |
| Posto de traballo:                |             |

SOLICITA a valoración da inspección médica da xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou no seu caso o servizo de prevención alleo a efectos da determinación do condición de persoal sensible de conformidade co previsto na Resolución de 22 de xullo de 2020

Para estes efectos comprométese a achegar os informes médicos que obran no seu poder, así como aqueles que lle sexan requiridos.

\_\_\_\_\_ , \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Sinatura:

DIRECTOR/A DO CENTRO





### 3.2.4. PROCEDEMENTO DA INSPECCIÓN MÉDICA EDUCATIVA

#### **A Inspección Médica Educativa:**

- **Analizará** a petición achegada.
- **Solicitará** mediante **correo electrónico** ao/á traballador/a a **documentación acreditativa** da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación do posto de traballo ou a declaración de persoal como sensible
- Coa análise da devandita documentación e da relativa aos posibles riscos existentes no centro de traballo da persoa solicitante, o facultativo **emitirá informe**.

**A Inspección Médica Educativa poderá** solicitar un **informe preventivo adicional de carácter complementario** ao SPRLL da Consellería de Educación, quen, a súa vez, o recadará do servizo sanitario preventivo contratado.

**A actuación do SERVIZO SANITARIO** non suporá a necesidade de desprazamento nin do/da traballador/a nin do facultativo e **realizarase a través da análise da documentación que aquel/a lle achegue**.

**Resulta OBRIGATORIO** para o/a traballador/a achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario **NUN PRAZO MÁXIMO DE 3 DÍAS HÁBILES**; no caso contrario, entenderase que desiste da súa petición.

**O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.** No que se refire ao informe que emitirá o servizo sanitario, deberá establecer algunha das seguintes medidas:

- a) Establecer **que non concorre especial sensibilidade** e haberá que seguir mantendo as medidas de prevención establecidas no protocolo e pode realizar a súa actividade presencialmente de conformidade co previsto no anexo II.
- b) **Se hai algunha circunstancia no posto de traballo que poida elevar o risco na saúde**, realizará un **informe de adaptación de posto**.
- c) **Como última medida e**, unha vez acreditada a imposibilidade de realizar as medidas do punto anterior, o facultativo emitirá **informe** en que indique a imposibilidade de adaptación do posto de traballo e a imposibilidade de aplicar unha protección adecuada que evite o contaxio ou recolocación a



**outras funcións exentas de risco** e considerárase como especialmente sensible para os efectos da tramitación da **incapacidade laboral**.

Para efectos do estudo das circunstancias concorrentes para a declaración dun/ha traballador/a como especialmente sensible, realizarase o **estudo das patoloxías do traballador en relación co seu posto de traballo**, avaliando especificamente o risco que supoñen as súas funcións en relación coas súas doenzas.

Cómpre destacar que se as circunstancias do posto de traballo non variaron respecto á situación previa da pandemia do coronavirus, non existe no/a traballador/a maior sensibilidade que a que existía con anterioridade.



# 3.3

## PAUTAS DE ACTUACIÓN ORGANIZATIVAS



### **3.3.1. PROCEDEMENTO PARA A ORGANIZACIÓN E DOCUMENTACIÓN DO CENTRO**

Na CEUFP existirá un **Equipo de Coordinación Operativa COVID** que se constituirá como elemento básico de coordinación e comunicación coa Consellería de Sanidade. O centro educativo de xurdir un abrocho comunicarán a incidencia a este órgano.

A persoa coordinadora do equipo, a **persoa titular da dirección** é a encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos de (por correo electrónico/vía telefónica):

- A Consellería de Educación
- A Consellería de Sanidade ou do Sergas.

Correspóndelle así mesmo a comunicación (por correo electrónico/vía telefónica):

- Ao persoal do centro
- As familias e
- Ao alumnado.

O **equipo COVID-19** deberá dispoñer no menor prazo de tempo dunha **relación de todo o alumnado e do persoal do centro** no que figure:

- A identificación persoal (nome e apelidos).
- Un ou varios números de teléfono de contacto.
- O endereço para poder ser trasladado ás autoridades sanitarias.
- A información deberá agruparse por grupo e co titor/a asignado á mesma ou en contacto co alumnado da mesma.
- Traballarase coa aplicación específica EDUCOVID

O **equipo COVID** elabora este proxecto de "**Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021**" coas concrecións das medidas individualizadas.

Poderán figurar como medidas do plan as xenéricas deste documento adaptadas a cada suposto concreto.

Este documento será comunicado a:

- O persoal do centro
- As familias
- Ao alumnado
- A inspección educativa



O centro elabora o “**Plan de Continxencia**” coas medidas a seguir en caso de suspensión da actividade lectiva:

- Medidas para facer efectivo o ensino a distancia.
- Os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.





### 3.3.2 PROCEDEMENTO DA REGULACIÓN DE CIRCULACIÓN, E DE ENTRADAS E SAÍDAS

O centro terá habilitadas as diferentes entradas para o alumnado. Estas entradas estarán debidamente sinalizadas para facilitar o acceso e respectar as medidas de distancia social.

As distintas entradas están establecidas segundo o nivel e etapa, respectando as distancias de seguridade e o uso de máscaras de protección:

- **Bacharelato e 4º da ESO: emerxencia esquerda**
- **1º da ESO: central esquerda-corredor esquerdo-andar baixo**
- **2º da ESO: central dereita-corredor/escaleiras dereita.**
- **3º da ESO: dereita, despois de subir 1º e 2º da ESO.**
- 

A dirección do centro ten a posibilidade de establecer o **número de profesores de garda precisos** para facer efectiva a entrada ao recinto en condicións de seguridade:

- **Por cada entrada 3-4 mínimo, sobre todo a primeira e última sesión**
- **Reforzo co persoal de conserxería**
- **Reforzo con persoal de dirección**

**A entrada será progresiva según vaian vindo do transporte escolar irán entrando ao centro educativo ao aula de referencia/ou aula onde teña clases.**

Pemitirase a entrada do alumnado con anterioridade á hora de inicio da actividade lectiva dentro da aula que teña asignada, a medida da súa chegada ao centro, co fin de evitar aglomeracións e unha distribución máis axeitada dos tempos de entrada.

O profesorado de garda de transporte e de garda da primeira sesión estará supervisando esta entrada progresiva, comprobando que cumpren as medidas de seguridade (obrigatorio levar máscaras de protección para o acceso ao centro, manter a distancia social de 1,5 metros)



**Non se permite a entrada dos proxenitores ou representantes legais no centro educativo.** Estableceranse:

- **Horarios específicos para a atención das familias:**
  - **Non coincidentes con horarios de entrada e saída.**
  - **Non coincidentes con intercambios de clase ou recreos.**
- **E mediante CITA PREVIA.**

Nos accesos sempre que sexa posible, habilitarase unha **porta para entrada e outra para saída.**

Nos corredores estableceñense sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor de forma que indiquen a **circulación pola dereita de forma individual** respectando a distancia de seguridade. Estas circunstancias serán convenientemente **senalizadas mediante cartelería** ou dispositivos visuais tanto no chan como nos paramentos.

Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o **profesorado** velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.

**Para a saída do centro poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva.**

O **equipo directivo** determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible. Os profesores/as estarán pendente de facer a saída gradual e coa colaboración do profesorado de garda.

- **Empezar saída 1º da ESO por grupos ordenados hacia o corredor central**
- **Continuarase con 2º da ESO o mesmo polas escaleiras do final do pasillo, cando remate de saír o alumnado de 1º ESO.**
- **Continuarase con 3º e 4º da ESO por portas diferentes (central 3º e esquerda 4º) o mesmo. Terceiro da ESO sairá pola escaleiras do centro, cando teñan baixado os alumnos/as de 1º e 2º da ESO. Os de 4º da ESO saen polas escaleiras da zona do elevador.**
- **Por último, saen os alumnos/as dos Bacharelatos, de maneira gradual, 1º de bacharaleto e logo 2º da bacharelato.**



**Non se permite** que o alumnado na saída quede formando **agrupacións nos patios** ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.

**O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material está recollido e desinfectado polo alumnado;** e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade no horario establecido pola dirección de xeito que se eviten demoras.

A **dirección do centro** determinará o número de **profesores/as suficientes para ordenar as saídas** e evitar a formación de agrupacións de alumnado no recinto, así como impartir instrución ao alumnado para que non forme agrupacións na vía pública fóra do recinto escolar.

- **Bacharelato: porta esquerda**
- **4º ESO: baixa pola dereita das escaleiras. Unha vez sae bacharelato.**
- **3º ESO: escaleiras centrais**
- **2º ESO: escaleiras da dereita, baixan pola dereita.**
- **1º ESO: no recreo (porta de emerxencia) na saída do recinto (porta central dereita, pola dereita)**

Nas comunicacións verticais **o uso do elevador** quedará limitado as persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara. Cando sexa posible pola distribución do centro, utilizaranse preferentemente un núcleo de escaleiras de subida e outro de baixada.



### 3.3.3. MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS E ANPAS

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que **se integrará como anexo** no “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021”.

O dito protocolo determinará:

- As medidas de prevención e protección fronte ao COVID
- As responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.

As **actividades das ANPAs** celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.

Os **Consellos Escolares** celebráranse preferentemente de xeito telemático e de ser presencial será con medidas extremas de seguridade (máscaras obrigatorias e distancia social de seguridade).

Nas **reunións de titoría** e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por **teléfono ou videochamada**. De ser presencial será mediante **cita previa** e nun lugar do centro que cumpra os requisitos de seguridade (ventilado e con distancia de seguridade).

Utilizarase como **mecanismo de comunicación xeral** coas familias a **páxina web do centro**.

**Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas**. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforos.



### 3.3.4. MEDIDAS EN RELACIÓN AO SERVIZO DE TRANSPORTE

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente.

**Inicialmente poderán ser utilizadas todas a prazas coa obriga do emprego de máscara.**

Con carácter xeral **cando se establezan LIMITACIÓNS de capacidade dos vehículos**:

- Quedan suspendidas **as autorizacións de carácter excepcional** cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 km).
- No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado **o criterio de prioridade é o de maior distancia de residencia ao centro educativo**.
- A administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

Este alumnado **terá prioridade para entrada nas aulas** con carácter xeral.

**No caso de que a parada se estableza na vía pública faranse ringleiras coa suficiente separación entre alumnos/as.**

A saída do alumnado transportado organizarase de xeito similar á entrada.

**VER ANEXOS DOS PROTOCOLOS DE TRANSPORTE**



### 3.3.5. MEDIDAS EN RELACIÓN AO SERVIZO DE COMEDOR

O uso do comedor escolar, tanto de xestión directa como indirecta, e con independencia de quen preste o servizo, **quedarán limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado:**

- **Por 1,5 metros de distancia.**
- **Non poden estar encarados.**
- **Non poden compartir os servizos/cubertos.**
- **Poranse mamparas de protección.**

Coa finalidade de prestar o servizo ao maior número do alumnado **poderanse establecer segundas e terceiras quendas de comida** e do persoal dispoñible para atender aos comensais.

Na medida do posible, o alumnado **sentarase no comedor agrupado por aulas**, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza.

A empresa responsable do servizo de comedor (EUREST) remite protocolo de acutación para atender debidamente ao alumnado, formará parte do protocolo xeral da adaptación ao contexto covid19

#### **VER ANEXOS DOS PROTOCOLOS DE COMEDOR**

Os **menús** serán os utilizados habitualmente segundo a tempada. Cando sexa posible os menús serán empratados en cociña e servidos en bandexa.

O **persoal colaborador** respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas. O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas.

O protocolo a aplicar no caso dos centros que dispoñan de **cafetería** será o **que en cada momento este vixente para os establecementos de hostalería.**

NESTE MOMENTO PRAZA DESERTA

- Máximo do aforo do 50% ou dependendo da evolución da situación sanitaria.
- Evitaranse as aglomeracións e haberá sinalización de entrada e saída ao



espazo da cafetería.

- Durante o recreo **non poderán acceder ao espazo da cafetería**, habilitarase un **espazo no exterior**, pola porta de acceso ao exterior da cafetería, sempre que se cumpra a distancia de seguridade do 1,5 metros para o consumo do alumnado.



### 3.3.6. MEDIDAS A SEGUIR NAS AULAS ORDINARIAS DE ESO E BACHARELATO

Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.

Importante as distancias de seguridade na aula:

- **As distancias entre o alumnado e profesorado: 2 metros (de cadeira a cadeira e respecto das pizarras (de tiza e dixital)**
- **As distancias entre o alumnado: 1,5 metros de cadeira a cadeira**
- **Cando non sexa posible, utilizaranse separadores.**

**Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo. RECOMÉNDASE** que no caso de ter que achegarse ao **encerado** cada alumno/a **teña entre o seu material un xiz ou rotulador de encerado branco ou que se desinfecte o común antes de cada uso.**

Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.

Nas perchas fixas das aulas non se poderá poñer ningún material, pola proximidade coas mesas dos alumnos/as. As mochicas e roupa quedará na zona de mesas/cadeira ou na zona de casilleiros do corredor.

No momento de **entrada á aula** ou no caso de **cambio de aula** dedicáranse uns minutos a:

- A **desinfección** da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).
- A **lembrar os protocolos** de hixiene e contacto social.
- A **permitir que lave as mans** se non o fixo previamente.

**Evitarase o desprazamento** do alumnado da aula aínda que si se **permitirá levantarse** para:

- Realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais,





- Que non impliquen moverse do posto escolar.

**Excepcionalmente**, os alumnos/as en **situación de ALERTA ESCOLAR** ou **problemas de saúde** presentarán **informe médico** que será remitido ás autoridades sanitarias e educativas para resolver as actuacións a seguir na xornada escolar.

Listaranse os **casos que sexan vulnerables** para tomar medidas específicas.

Nos casos que presenten alto risco poderase establecer o **PROTOCOLO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA** que inclúe os seguintes apartados:

- Solicitud de expresa da familiar.
- Informe médico coa proposta.
- Solicitud da dirección para dirixir á Inspección Educativa para a súa autorización.
- Reunión do equipo docente para elaborar o documentao de adaptación curricular e de coordinación co profesor/a de apoio e as familias.



### 3.3.7. MEDIDAS A SEGUIR NAS AULAS ESPECÍFICAS E AULAS DE DESDOBLE

Sen prexuízo da aplicación das normas do punto anterior no caso de aulas de desdobre, talleres, laboratorios, aulas de música, debuxo ou informática **extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.**

Nestas aulas tamén é **obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas** das mesmas.

O **material que sexa compartido**, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.

Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a **limpeza dos elementos comúns** de uso privativo.

Onde a materia o permita substituírase o emprego de materiais por **simulacións virtuais con medios informáticos** co fin de diminuír os contactos co material.

En cada unha das materias **adaptarase a metodoloxía** da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais.

En todo caso evitárase que do alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros.

No caso da clase de **educación física** os **exercicios serán individuais** na medida do posible minimizando o uso de **materiais** que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa **limpeza** e desinfección despois do seu uso. O departamento elaborará unha programación didáctica no que explique especialmente a metodoloxía a seguir en situación de alerta sanitaria para a consecución dos obxectivos e etapa/nivel. (Ver Protocolo específico deste departamento)



### 3.3.8. PROCEDIMENTOS A SEGUIR NOS CAMBIOS DE CLASES

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o **ALUMNADO NON CAMBIARÁ de clase agás nos supostos excepcionais.**

Con carácter xeral, o alumnado **DEBE PERMANECER NO SEU SITIO durante os cambios de clase.**

Cada profesor/a estará pendente de finalizar as clases cinco minutos antes para organizar e iniciar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

Cada profesor/as estará pendente das saídas dun grupo e da entrada doutro, e dos desprazamentos a outras aulas, sempre tendo un profesor/as de referencia.

O profesorado de garda colaborará nestes momentos co apoio da dirección, cando sexa necesario.

**A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade (1,5 metros).**

Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. A posición sempre será hacia a dereita do lugar de entrada á aula.

Entrarase gardando a distancia, evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.



### 3.3.9. PROCEDEMENTO A SEGUIR NO USO DA BIBLIOTECA

A biblioteca poderá ser **usada ata o 50 %** do seu aforo.

Excepcionalmente, se fose posible polo tamaño da mesma, o **equipo directivo** pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

A **persoa responsable da biblioteca**, xunto coa dirección, establecerá un **protocolo de acceso á biblioteca**, se fose posible mediante **petición previa**. O alumnado debe **hixienizar as mans antes e despois** da estancia na sala.

O equipo de biblioteca  **sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados** de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

O **préstamo de libros ou outro material** realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como **mínimo 24 horas** antes de volver aos andeis ou dependendo da situación sanitaria de 48 ou 72 horas.

Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

**VER ANEXO PROTOCOLO ESPECÍFICO DE BIBLIOTECA**



### 3.3.10. PROCEDIMENTO A SEGUIR NO USO DOS ASEOS

O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a **un terzo do seu aforo**. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá **profesorado de garda** vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos máis próximos á entrada do centro.

#### **HORARIO DE LIMPEZA DOS ASEOS**

**(Haberá unha folla de sinturas para o control de limpeza dos aseos)**

**1º Despois do primeiro recreo**

**2º Despois do segundo recreo**

**3º Ao finalizar as clases:**

**O luns: as 14:20 e as 18:00 horas**

**O resto da semana: ás 14:20 horas**

**Os espazos con máis circulación de persoas do centro tres veces ao día:**

- Sala de profesorado
- Oficina da secretaría
- Conserxería
- Despachos
- Aula de atención á familias (cada vez que sexa utilizado, sempre con cita previa)
- Aula de convivencia e aula covid (segundo o uso, cada vez que haxa alumnado)
- Vestíbulos da entrada hacia a conserxería e central.



Manterase unha persoa do servizo de limpeza pola mañá para levar a cabo estas medidas, durante toda a xornada escolar.

A persoa de limpeza manterase informada dos espazos sensibles para a súa limpeza e desinfección.

**Indicar no horario de traballo, no XADE. en observacións as QUENDAS de mañá e tarde, e o rexistro das actividades a realizar, sobre todo na quenda de mañá.**

Os primeiros días do curso serán coa queda seguinte:

- Día 23: Socorro Carracedo Mouzo
- Día 24: M.<sup>a</sup> Teresa García Rodríguez
- Día 25: Julia Ramos Castro.

A partir do luns do luns 28 de setembro as quendas quedan como segue:

- Primeira semana: Socorro Carracedo Mouzo
- Segunda semana: M.<sup>a</sup> Teresa García Rodríguez
- Terceira semana: Julia Ramos Castro.

No suposto de faltar algunha destas persoas, priorizarase a labor de limpeza no período de mañá.



### 3.3.11. MEDIDAS A SEGUIR DURANTE OS RECREOS

Os **equipos directivos** establecerán o aforo posible de cada un dos posibles espazos que sexan susceptibles de utilizar como espazos de recreo, podendo incluír, de ser o caso ximnasia, pistas cubertas ou polideportivos.

- Sempre que se cumpla a medida de seguridade de 1,5 metros.
- Máximo un 50% do aforo en espazos amplos que o permita.

Na medida do posible limitaranse espazos para que un **grupo de 50 alumnos/as** poida estar distanciados polo menos 1,5 metros, independizando espazos do mesmo aforo.

**Nos recreos o uso da máscara será OBRIGATORIO.**

Dentro das medidas posibles a adoptar pola **dirección** do centro, atendendo a idades e peculiaridades do alumnado incluírase, de ser o caso, a **redución da duración dos recreos ou a realización de recreos en aula**. Na medida do posible nos espazos dedicados a recreos **marcaranse no chan sinalización que lembre as distancias de seguridade**.

Durante o período de aplicación destas instrucións e con carácter excepcional poderán establecerse agrupacións de cursos e modificacións de horarios que permitan incrementar a seguridade nas relacións sociais e se teña en consideración o grupo estable de convivencia.

No **período de recreo extremarase a vixilancia** do alumnado reforzando, se fose preciso, a presenza de profesorado. Do mesmo xeito o **equipo directivo** prohibirá o uso de elementos comúns de xogo ou a utilización de obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos.



### 3.3.12. MEDIDAS A SEGUIR NO SERVIZO DE CAFETERÍA

Neste momento non contamos con servizo de cafetería no centro. A persoa que ata o momento estaba co contrato da cafetería, renuncia a levar dita empresa, quedando deserto.

O servizo de cafetería debe cumprir as normas específicas de hostelería, respecto do aforo e medidas de hixiene e distancia social.

Haberá xelndiroalchólico na entrada, sendo obrigatorio o seu uso ao entrar.

Obrigatorio o uso da máscara de protección, que soamete se sacará xusto no momento de tomar a consumición.

Manterase a distancia de seguridade respecto da barra e do persoal da cafetería.

A entrada á cafetería estará debidamente sinalizada e o aforo limitado ao 50%, sendo neste caso moi limitado (calcular unhas 6 ou 8 persoas).

No período de recreo non está permitido ningún tipo de aglomeración, sendo necesario limitar o acceso ao local, buscando, de ser posible, un espazo fora da cafetería, no exterior para a venda dos produtos da cafetería, respectando os distancias de seguridade e sempre que a climatoloxía o permita (mirar de poñer unha sobrecuberta, toldo móbil para protexerse da choiva).

**IMPORTANTE O LUNS:** deixar todo preparado para que poida actuar o servizo de comedor coas debidas medidas de seguridade, extramando a limpeza e hixiene do local.





### 3.3.13. UTILIZACIÓN DA CARTELERÍA INFORMATIVA NO CENTRO

Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de **carteis informativos**.

**Estableceranse as medidas axeitadas para que o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.**

**(Consultar coas autoridades sanitarias e educativos o tratamento a seguir en cada caso)**

Os **equipos de protección individual** (EPI) que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso.

Así mesmo, engadiranse outros equipos de protección axeitados en cada caso, favorecendo cando sexa posible a utilización de materiais desbotables.

O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo.



### 3.3.14. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA LABORATORIOS E TALLERES

Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser **informado sobre as medidas e recomendacións** a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos.

Estableceranse as **medidas axeitadas para que o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.**

Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso. Así mesmo, engadiranse outros equipos de protección axeitados en cada caso, favorecendo cando sexa posible a utilización de materiais desbotables.

O uso das **ferramentas e dos equipos de traballo** planificarase de xeito que a realización da práctica supoñ a a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo.

Neste curso escolar habilitanse como espazos para desdobre:

- Unha das aulas específicas de educación plásticas e visual, con capacidade para 25 alumnos con 1,5 metros de distancia entre cadeira e cadiera.
- Un dos talleres de tecnoloxía, con capacidade para 30 alumnos con 1,5 metros de distancia entre cadeira e cadiera.



### 3.3.15. NORMAS E PROCEDIMENTOS ESPECÍFICOS PARA O ACNEE E DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase:

- O uso das **máscaras** dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade.
- No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de **pantallas e mamparas**
- Así como a **protección colectiva**, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula.
- - Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de **pantallas/viseiras** no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira no respectar a distancia de seguridade.

Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.

O **departamento de orientación** colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.



### 3.3.16. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

Corresponde ao profesorado manter unha **conduta exemplarizante** no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

O profesorado deberá dispor dunha **dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual**, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. **O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.**

En cada **cambio de grupo** o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

Todas as **reunións** do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

O **equipo directivo** determinará o aforo máximo de **salas de profesores e departamentos** que permita cumprir a distancia de 1,5 metros, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras.

Na realización de **reunións de titorías** utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade ou o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.



### **3.3.17. NORMAS E PROCEDIMENTOS NAS REUNIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS**

De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os **órganos colexiados** poderanse constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, agás nos supostos nos que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario e que, de ser este o caso, poderá revisarse e realizar as modificacións e adaptacións oportunas.

Nas **sesións que se celebren a distancia** deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto:

- Formalizado na propia sesión da videoconferencia
- Emitido por correo electrónico.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as **convocatorias** serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.



# 3.4

## PAUTAS DE ACTUACIÓN FORMATIVAS E PEDAGÓGICAS



### **3.4.1. EDUCACIÓN EN SAÚDE. PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE, EN ESPECIAL NOS PRIMEIROS CURSOS DA ESO**

O equipo COVID debe asegurar que a **información** sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa (Medidas de prevención, hixiene e promoción de la salud frente al COVID-19 para centros educativos en el curso escolar 2020-2021 paxina 15-16)

Proporcionarase información e facilitarase a **adquisición de habilidades** sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.

Enviarase a **información a todas as familias**, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.

Potenciarase o uso de **infografías, carteis e sinalización** que fomenta o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información **sexa actualizada** no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

Deseñaranse e implementaránse **actividades de educación para a saúde** que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira **transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde** que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

A tal efecto, desenvolveranse **iniciativas innovadoras** para **dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable** nos centros educativos a través de dun gran abano de programas como son o **Plan proxecta** e **Contratos programa**, entre outros. Igualmente, promoveranse accións como a **oferta da materia de libre configuración autonómica "Promoción de estilos de vida**



**saudables**” na etapa secundaria obrigatoria.

Estas e outras actuacións desenvolveranse desde unha **perspectiva interdisciplinar** e baixo as dúas liñas marcadas:

- a) Hábitos de alimentación saudable.
- b) Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

A **Consellería de Sanidade e o SERGAS** impartirán a través da **presenza de profesionais** no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de **formación do profesorado** para o curso 2020/2021 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.

A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán a través da presenza de profesionais no centro ou mediante fórmulas de teleformación, a **información** suficiente para os centros educativos **sobre as medidas xerais de prevención e protección**. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2020/2021 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.





### 3.4.2. AULAS VIRTUAIS E ENSINO A DISTANCIA SEMPRE OPERATIVAS E EN FUNCIONAMENTO.

A Consellería de Educación, Universidade e FP facilita a todos os centros educativos unha **Aula Virtual**, a través do enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/XXXXXX/aulavirtual2> onde XXXXX corresponde ao nome do centro. O acceso á mesma estará na **páxina web do centro** educativo.

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de **educación a distancia**.

Poderanse habilitar fórmulas de comunicación como **foros ou vídeochamadas** para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e realizarase unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

Corresponde ao **profesorado** que designe a dirección do centro, asistidos de ser o caso polos **asesores Abalar, colaborar coa posta en funcionamento e o mantemento da aula virtual**.

- Durante o **mes de setembro**, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os **“cursos”** dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado.

- Realizaranse as **reunións** oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos/as a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible (**o coordinador TIC poderán crear modelos básicos que sexan homoxéneos para a totalidade dos cursos e que faciliten o labor do profesorado con menor experiencia no uso, contando cun equipo que o axude na labor de apoio ao profesorado, ao alumnado e as familias**).

- Porase a disposición do profesorado uns **videotutoriais** para a realización das tarefas de primeira posta en funcionamento da aula virtual.

Durante os **primeiros días de clase, en setembro**, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa



posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

**Todo o profesorado**, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. **Dedicará o tempo que precise na aula de informática** para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) **terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro.**

É recomendable que os/as do alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. **Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector o seu usuario e clave.**

No mes de setembro, **os/as titores/as** identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

Continuarase coa oferta de **formación** en aulas virtuais.

As **persoas asesoras Abalar** de zona e da UAC (Unidade de Atención a Centros) prestarán especial atención para a atención dos problemas tecnolóxicos que poidan xurdir. Para fornecer de contidos á aula virtual o profesorado poderá usar os dispoñibles no espazo Abalar, os que figuran na web do Ministerio, ou calquera outro dispoñible.

Entre estes recursos inclúese a oferta dunha actividade de **formación de 15 horas** que permita iniciarse e afondar no aproveitamento didáctico das aulas virtuais e outras ferramentas institucionais.

Estes cursos **desenvolveranse na propia aula virtual** de cada centro e incluírá contidos axustados ás características e necesidades dos diferentes contextos.

En consecuencia, ofertarase para todo o profesorado:

- Un curso de Introducción ao ensino mixto que estará dispoñible en formato aberto en Platega.



- Un curso titorizado de ensino mixto con contidos específicos para o profesorado de educación infantil, primaria, secundaria, FP, ensinanzas de réxime especial , adultos e educación especial.
- Unha formación en centros prioritaria centrada nas seguintes liñas: o integración didáctica das TIC. o Deseño e desenvolvemento curricular no marco dun modelo competencial.



### **3.4.3. NORMAS ESPECÍFICAS NA METODOLOXÍA DE AULA E PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS**

As programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de **ensino a distancia**.

Incluírase na programación o modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Tamén se incluírán os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Nas Instrucións de Inicio de Curso aprobadas por resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa determinaranse as medidas a adoptar no suposto no que o alumnado teña que recibir ensino a distancia.